

# A alquimia

E chega setembro... e trae nostalxia e cores decadentes doutras épocas. E chega setembro como a promesa firme de que habemos seguir, chega setembro onde as lúas son máis curtas, as mareas máis vivas e os días máis mornos, chega setembro como promesa serodia do verán e con el a alquimia, a festa pura, a alegría.

Moitos son os que procuran a esencia, os que cuestionan a maxia, mais non hai segredos, non hai transformación posible, só a ledicia do mancomún, a festa en si; chega setembro e con el hai Feira Franca en Pontevedra.

Chega a alquimia e con ela a ciencia do porvir, o alicerce do futuro, veñen químicos, traen metais preciosos, veñen mariñeiros doutros lares, traen as sereas que salvan das treboadas, monxes dotados de estraños bebedizos, sabias que curan doenzas da alma, curandeiras que empregan herbas prohibidas, tribos doutro confin, máis alá das montañas, místicos á procura de converter auga en ouro, de obter o elixir da longa vida, chegan alquimistas, xentes do pouco común que no seu exercicio máxico fan pé na risa e na ledicia.

Hai Feira Franca na ilustre vila de Pontevedra; convidámosvos, facemos un chamamento a aqueles que ven máis alá da primeira mirada, a aqueles que buscan máis alá do tanxible, a aqueles que conxuran a vida na procura da felicidade, vinde!

Hai Feira Franca de alquimistas e filósofos, da ciencia, das cociñas, das mulleres sabias, dos portadores, dos ensinantes. Vinde! Hai Feira Franca dos magos, das sereas, dos seres escuros e dos seres de luz...

Teredes apócemas, unguentos, ledicia pura, intérpretes de soños, menciñeiros con beberaxes que curan todos os males, exorcistas de feitizos, creadores de zapatos de sete leguas, xantares e doces que acariñan a alma, roupaxes de invisibilidade, instrumentos musicais, besbellos e bolboretas, xogos de todo tipo; hai Feira Franca, vinde! Esperámosvos na ilustre vila de Pontevedra, xentes do Lérez, as de máis alá da montaña máxica do Seixo, as do camiño a Compostela, vinde! Hai Feira Franca o 4 e 5 de setembro; celebrede con nós a verdadeira alquimia que é a vida.



## Feira Franca. Programa 2015

### Venres 4. Xornada inaugural

- 19.00 h. **Pregoeiros a cabalo** anuncian polo centro histórico o comezo da XVI edición da Feira Franca.
- 20.30 h. **Concerto música medieval**; *Antiqua e Ultra* na Igrexa Conventual de San Francisco.
- 22.30 h. **Alquimia** a cargo de *Kull d'Sak, Troula, Roxie Produções e Pablo Méndez performances*. Ferraría.
- 23.15 h. **Música e bailes medievais**, *Asociación de Coros e Danzas Duos Pontes*, na praza do Teucro.

### Sábado 5. Día da Feira Franca

- 11.30 h. **Apertura do mercado medieval** (avda. de Santa María) e da **mostra de oficios** (Ferraría).
- 11.30 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**, a cargo da *Asociación Cultural Pola Vila* polas rúas do centro histórico.
- 12.00 h. **Recreación do transporte do viño** pola *asoc. Recreativa de Xeve, Art Monium*, animación, música, representacións... Percorrido: rúas de Santa Clara, Sarmiento, Pasantaría, praza da Ferraría e remate na praza da Peregrina.
- 12.30 h. Demostración e obradoiros de **esgrima**, *Escola Hungaresa*, na Gran Vía de Montero Ríos.
- 12.30 h. Exhibición e obradoiro de iniciación á **esgrima antiga**, *Mercenarios do Norte*, na Verdura.
- 13.00 h. **Tiro con arco**. *Boa Vila*, Montero Ríos.
- 13.30 h. **Cetraría**. *Falcóns Galicia*, Montero Ríos.

- 17.00 h. Demostración e obradoiros de **esgrima**, *Escola Hungaresa* na Gran Vía de Montero Ríos.
- 17.00 h. **Cetraría**. *Falcóns Galicia*, Montero Ríos.
- 17.30 h. Exhibición de **danza**, *Club Treboada*, na Gran Vía de Montero Ríos.
- 17.30 h. **Animación medieval** polo centro histórico a cargo de *Olodum do Coio*.
- 17.30 h. **Gran torneo medieval** do grupo de especialistas *Hípica Celta* na praza de touros. Entrada de balde ata completar capacidade; polas portas 2, 3 e 6.
- 17.30 h. Exhibición e obradoiro de iniciación á **esgrima antiga**, *Mercenarios do Norte*, na Ferraría.
- 18.00 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**, *Asociación Cultural Pola Vila*. Centro histórico.
- 18.30 h. **Competición-exhibición de tiro con arco**, *Club Boa Vila* na Gran Vía de Montero Ríos.
- 19.00 h. **Pasarrúas de bufóns e trobadores** polas rúas do centro histórico.
- 19.30 h. **Exhibición de danza** a cargo do *Club Treboada* na Gran Vía de Montero Ríos.
- 19.30 h. **Pasarrúas**. *Art Monium*. Centro histórico.
- 20.00 h. **Gran torneo medieval** do grupo de especialistas *Hípica Celta* na praza de touros. Entrada de balde ata completar capacidade; polas portas 2, 3 e 6.
- 21.00 h. **Pasarrúas**. *Art Monium*. Centro histórico.
- 21.00 h. **Cantar de cego e música medieval** a cargo de *Foula* polas rúas do centro histórico.
- 21.45 h. **Pasarrúas dos Errantes**. Centro histórico.
- 23.00 h. **Pasarrúas e fin de festa** a cargo de *Art Monium* polas rúas do centro histórico.



# Plano guía sobre actividades e espazos das asociacións

## Plano medieval de Pontevedra · Espazos da Feira Franca

Ambientación a cargo da Escola Paspallás

1. Praza da Ferraría 2. Praza da Leña 3. Praza do Teucro [azougue] 4. Praza de Curros Enríquez [antigo hospital de san Xoán de Deus] 5. Praza da Pedreira 6. Praza da Verdura [feira] 7. Praza de Méndez Núñez [campo da herba] 8. Teatro Principal [antiga igrexa de san Bartolomeu] 9. Igrexa de Santa María 10. Paseo de Santa María [lampán dos xudeos] 11. Ponte do Burgo 12. Avda. de Santa María [eirado das torres] 13. Xardíns de Casto Sampedro 14. Avda. de Montero Ríos 15. Praza de Touros 16. As Palmeiras 17. CITA [torres arcebispaís]

## Centro de Interpretación Torres Arcebispaís

Imaxínaste como foi a Pontevedra da Feira Franca?

Pois no CITA poderás coñecelo e afondar na historia da cidade.

## Actividades para nenas e nenos

### PRAZA DA PEDREIRA

11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00. **Busca da pedra filosofal**

12.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.30. **Circuíto de xogos**

### SOPORTAIS DA PEDREIRA

11.00 a 19.00. **Obradoiro de encaixe de palillos**

12.00 a 14.00 e de 16.30 a 18.30

- Obradoiro de saquiños aromáticos
- Obradoiros de colgantes con elixires

### PRAZA DE ESPAÑA

11.00 a 21.00. **Atraccións medievais**

A partir das 12.00. **Campamento medieval**

### AVDA. DE SANTA MARÍA (DETRÁS DO CITA)

10.00 a 14.00. **Escola de alquimia**

## Guía de actividades fixas

**Asoc. Recreativa Xeve.** Representación da comitiva do transporte do viño (mercadores, labregos e arrieiros). O grupo irá escoltado polos gardas do antigo couro de Xeve, encabezados polo señor do pazo de Gondar.

**Asoc. de Coros e Danzas Duos Pontes.** Taberna medieval (parte posterior Concello). Venres, espectáculo (Teucro).

**Club Boa Vila de Tiro con Arco.** Demostración de tiro con arco e competición. Gran Vía de Montero Ríos.

**Asoc. Socioc. de Meiro-Corvo (Bueu).** Recreación dun al-

pendre de aldea e alboio. Obradoiros. Ferraría.

**Asoc. socioc. Cedofeita.** Soportais do edificio do Museo, rúa Sarmiento. Obradoiro de confección de papel vexetal.

**A.VV. Salcedo Norte.** Xantar e cea medieval acompañados de xogos tradicionais. Xardíns de Casto Sampedro.

**A.VV. San Bieito de Lérez.** Xantar e cea medieval. Alameda.

**Asociación Alba (asoc. de familiares e amigos de axuda a enfermos psíquicos).** Obradoiro de olaría. Ferraría.

**Asociación Fins.** Obradoiro de astronomía medieval para ne-

nos e nenas. Avenida de Santa María.

**Asociación A Fieitiña.** Obradoiro de palillado. Pedreira.

**Ventos.** Obradoiro de caligrafía e xoiería vexetal. Ferraría.

**Mercado medieval de ALIMENTACIÓN.** Alameda, Ferraría, praza de Curros Enríquez e Pasantería.

**Mercado medieval de ARTESANÍA.** Avda. de Santa María.

**Mercado de demostración de OFICIOS e OBRADOIROS.** Ferraría. Toneleiro, oleiro, sombreireira, redeiras, tecedeira, palilleiras, zoqueira, cesteiro, curtidor...

